

Sobrevivir para poder vivir

Balbino era un rato dun mes de vida. Sabía que sempre había que estar atento, non fiarse de ninguén, nin sequera dun anaco de queixo ben apetecible, nin dun gato que che poñía o mellor dos sorrisos. Ademais había que estar preparado a que che caera un golpe por calquera parte, que podía levarte á morte. Doris era a súa mamá. Coma todas as mamás quería o mellor para o seu fillo, e por iso sabía que o máis importante era falarlle da realidade da vida. Simplemente, sobrevivir para poder vivir.

Cristovo era un rapaz de oito anos que se sentía identificado con Balbino porque iso era o que pretendía a súa nai Berta. Este conto narroullo máis dunha vez sobre todo cando era posible deitarse sen berros nin choros, cousa que era pouco habitual. Martín era o pai de Cristovo. O cativo identificáboo con Malévolo, o gato que tiña un aspecto tan de boíño e que lle cravou as garzas máis dunha vez a Balbino. Porque seu pai en máis dunha ocasión quixo pegarlle, pero sempre era súa nai a que soportaba todos os golpes. Os de Cristovo e os seus.

Para as veciñas meu pai era un home marabilloso; para a miña avoa, a súa nai, era o seu pobre fillo que perdera o traballo da súa vida e para miña nai... era o seu home, o pai do seu fillo, co que levaba máis de dúas décadas e tiña a obrigaón de calar. *“Algún día, papá cambiará. El no fondo ámanos con loucura. Temos que ter paciencia”*, repetíame unha e outra vez mentres eu me abrazaba a ela todas as noites. A maioría delas sen cear porque nunca conseguimos probar un bocado sen que comezase aos tres minutos unha guerra. Bueno, a súa guerra, porque eu só me escondía detrás de mamá, mentres ela sufría de todo, sen sequera trazar de defenderse.

Aquel 30 de xullo era festa no pobo. Nós non tiñamos nada que celebrar. Eu xa tiña 10 anos, pero papá non quería que nin sequera faláramos coa nosa familia. Miña nai e eu saímos ao balcón a escoitar as bombas que indicaban que a romaría comezaba. Meu pai xa ía pola cuarta botella de viño e botara toda a tarde no bar. De repente, empezou a berrar por miña nai. Ata lle molestaba que puideramos uliscar algo da festa. Eu quedei alí fóra... coa vista posta naquel cartel da rúa: *016, hai saída á violencia de xénero*. Ese teléfono que eu sabía á perfección, pero que miña nai non quería nin que pronunciara. *Hai que ter paciencia con papá!*, dicía.

De repente, volvíñ á realidade, a realidade de sempre. Sentín berros, coma sempre. Sen embargo, desa volta miña nai deu un bramido atroz, deses que aos meus 77 anos, non esquezo. Corríñ... imaxinándome o peor. Aqueles segundos, foron eternos. E alí vin deitada a miña nai. Nese momento, vin ao pobre rato Balbino. Sobre el, apertándolle o pescozo estaba o gato Malévolo, meu pai. Xa nin podía berrar. Ese silencio estremeceume. *Mentres berre, non hai problema, pero... o silencio pode significar a morte*, pensaba. Foi todo moi rápido. Collín aquel floreiro. Foi un golpe rápido, pero eficaz. Dinlle en toda a testa, sen arrepentimento. Era un neno, pero estaba cargado de emocións non boas por culpa del. Caeu ao chan, inconsciente, e para a miña sorte! Sentín un gran alivio. Miña nai tras un suspiro díxome: *Gracias*". A paciencia acabárase. Marquei o 016. Oxalá o fixera antes! Meu pai tiña antecedentes e entrou no cárcere. Miña nai e eu empezamos a vivir.

Sen embargo, iso nunca se esquece. El xa morreu e nunca quixen volver a escoitalo. Aínda hoxe en día, esperto berrando e polos pés da miña cama paséase Malévolo. Por sorte, miña nai ao seus 100 anos leva catro que esqueceu por completo o pesadelo que viviu e que xamais lle permitiu ser feliz. O alzheimer fai que nin me recoñeza a min, pero tampouco ao home que dicía ser meu pai.